# Plan de Acción Titorial

# Xaneiro 2014

1. MARCO LEXISLATIVO ........ 2
2. XUSTIFICACIÓN E CONCEPTO ........ 3
3. CRITERIOS E OBXECTIVOS XERAIS ........ 3
4. FUNCIÓNS DO PROFESORADO TITOR ........ 4
5. ACTIVIDADES DA FUNCIÓN TITORIAL. ........ 5
6. COORDINACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL ........ 6
7. A PROGRAMACIÓN TITORIAL COMO CONCRECIÓN DO P.A.T. ........ 7
8. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN ........ 7
9. ACTUACIÓN DE APOIO AO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL POR PARTE DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN 9
10. DESENVOLVEMENTO DOS BLOQUES DE CONTIDOS ........ 11
    BLOQUE 1.- ACOLLIDA E INTEGRACIÓN DO ALUMNADO. ........ 11
    BLOQUE 2.- OBXECTIVOS E FUNCIÓNS DA TITORÍA. ........ 11
    BLOQUE 3.- NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO. ........ 12
    BLOQUE 4.- DEREITOS, DEBERES E PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO. ........ 12
    BLOQUE 5.- PROMOCIÓN E MELLORA DA CONVIVENCIA. ........ 13
    BLOQUE 6.- MADUREZA E CRECEMENTO PERSOAL. ........ 13
    BLOQUE 7.- TÉCNICAS DE TRABALLO INTELECTUAL. ........ 14
    BLOQUE 8.- ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL. ........ 15
    BLOQUE 9.- ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN CO ALUMNADO. ........ 16
    BLOQUE 10.- SESIÓNS DE AVALIACIÓN. ........ 17
    BLOQUE 11.- ACTUACIÓNS CO EQUIPO DOCENTE. ........ 18
    BLOQUE 12.- AVALIACIÓN DA TITORÍA ........ 18
    BLOQUE 13.- ACTUACIÓNS COAS FAMILIAS. ........ 19

**LEXISLACIÓN:**

- **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio**, de Educación (BOE 04/04/06) → Artigos 22, 23, 91, 121 e 129.
- **Decreto 133/2007, do 5 de xullo**, polo que se regulan as ensinanzas na educación secundaria obrigatoria (DOG 13/07/07) → Artigos 18 e 20.
- **Orde do 6 de setembro de 2007,** pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria (DOG 12/09/07) →Pto. 8.h)
- **Decreto 324/1996, do 20 de xullo**, polo que se aproba a Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (DOG 9/8/96) → Artigos 54 a 60 e 94. (Derrogados do 54 ao 57 polo Decreto 120/1998)
- **Orde do 1 de agosto de 1997,** pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 (DOG 2/9/97) → Artigos 53, 54 e 62 a 68.
- **Decreto 120/1998, do 23 de abril,** polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 27/04/98). Corrección de erros (DOG 14/05/98) → Artigos 54 a 60 e 94.
- **Orde do 24 de xullo de 1998,** pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (DOG 31/07/98)
- **Lei 4/2011, do 30 de xuño,** de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15/07/11) → Artigo 19 e disposición adicional sétima.
- **R.D. 732/1995, de 5 de maio**, sobre dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros (BOE 2/6/95).

## 1. MARCO LEXISLATIVO

A LOE 2/2006, do 3 de maio, no artigo 22 fixa como un dos **principio xerais** da ESO a atención especial que deberá prestarse á orientación educativa e profesional do alumnado. No artigo 23, fixa os **obxectivos** desta etapa que, aínda que todos eles deben ser abordados en todas as areas do **currículo**, entran fundamentalmente dentro do ámbito da titoría, especialmente os referidos á asunción responsable dos seus deberes e o exercicio dos seus dereitos, á educación en valores persoais e sociais, ao desenvolvemento de hábitos de estudo; en definitiva, os encamiñados ao pleno desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática. Por último, no artigo 91, atribúe ao **profesorado** esta labor de titoría do alumnado e de orientación da súa aprendizaxe en colaboración coas familias.

No artigo 121 dispón que os centros educativos, dentro do seu marxe de autonomía pedagóxica, elaborarán o **Proxecto Educativo** propio contextualizado ás característica do ámbito social e cultural do centro, incorporará a concreción curricular que fixe e aprobe o **claustro** e, entre outros aspectos, recollerá a **acción titorial** respectando os principios de non discriminación e inclusión educativa. O artigo 129 atribúe ao claustro a potestade de formular propostas para a elaboración dos proxectos do centro e da programación xeral anual, ademais da competencia para aprobar e avaliar os aspectos educativos destes documentos e a de fixar os criterios referentes á orientación e titoría; segundo o artigo 128, corresponde ao **consello escolar** aprobar e avaliar no seu conxunto.

O Decreto 133/2007 abonda nos obxectivos fixados na LOE, e no artigo 18, sobre a autonomía dos centros, recalca que dentro da concreción do currículo, terase a epígrafe de "Liñas xerais para a elaboración dos plans de orientación e acción titorial".

No artigo 20, aborda conxuntamente á **titoría e orientación** académica e profesional, asignándolles un papel fundamental para guiar ao alumnado na elección de materias optativas, na transición ao mundo laboral ou académico ao finalizar os estudos obrigatorios e nos plans de acollida no centro. A **persoa titora** designada pola dirección, entre os que impartan docencia ao grupo, terá a responsabilidade de coordinar o equipo docente que imparta clase nese grupo, no relativo á avaliación e aos procesos de ensino e aprendizaxe. Será tamén a responsable da orientación ao alumnado en colaboración co departamento de Orientación. Por último, a orientación educativa garantirá, especialmente en 4º curso, un axeitado asesoramento para favorecer a súa continuidade no sistema educativo o unha orientación profesional, en todo caso velará pola igualdade de xénero.

Segundo a Orde do 6 de setembro de 2007, corresponde a persoa titora, en colaboración co departamento de orientación, prestarlle toda a información ao alumnado e ás familias, se for preciso, para a elección das materias de 4º curso que permita conxugar as aptitude do alumnado coas expectativas do seu futuro inmediato, tratando de estimular a continuación dos seus estudos.

O **Decreto 324/1996, do 20 de xullo**, (Regulamento orgánico dos centros) establece nos artigos 54 a 57, dentro da epígrafe referida ao departamento de orientación, a súa composición, as funcións da xefatura do mesmo; nos artigos 58 e 59 incorporan a titoría e a orientación do alumnado como parte da función docente, a existencia dun titor ou titora por cada grupo de alumnado, as **funcións do profesor titor** e, no artigo 94, a existencia do **Plan de orientación académica e profesional** (POAP) e do **Plan de acción titorial** (PAT).

A Orde do 1 de agosto de 1997, trata no artigo 53 a) composición do departamento de orientación ao que incorpora un titor por cada un dos cursos e, no artigo 54 a aplicabilidade ao departamento de orientación e aos POAP e PAT do establecido para os departamentos didácticos en canto a programación e o seu seguimento e memoria. Nos artigos 63 a 68, trata sobre a designación do profesorado titor e que as horas de titoría de atención ao alumnado e de atención a pais, forman parte do horario fixo do profesorado e deberan ser comunicada ao comezo do curso.

O Decreto 120/1998 no artigo 3º establece a composición do departamento de orientación ao que incorpora un titor por cada un dos ámbitos lingüístico-social e científico-tecnológico, designados polo director/a, a proposta da comisión de coordinación pedagóxica, procurando que existan profesores de cada unha das etapas educativas que imparte o centro ou, cando corresponda, de distintos niveis educativos. No artigo 6º establece que os departamentos de orientación desenvolverán as súas funciones nos ámbitos relacionados coa orientación psicopedagóxica, académica e profesional e detalla as súas competencias e no artigo 7º fixa as funcións do xefe de departamento. Derroga os artigos 54, 55, 56 e 57 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo.

A Orde do 24 de xullo de 1998, *afonda sobre diversos aspectos relacionados c*os departamentos de orientación dos institutos de educación secundaria e dos centros públicos integrados: Art.4º.-Composición, Art.5º.-Funcións, Art.6º.-Funcións da xefatura do departamento, Art.7º.-Funciones do profesorado de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais (especialista en pedagoxía terapéutica e en audición e linguaxe), Art.13º.-Organización da coordinación entre os departamentos de orientación, Art.14º.-Funcionamento e Art.15º.-Elaboración e estrutura do plan de orientación e da súa memoria.

Por último, a **Lei 4/2011, do 30 de xuño,** no artigo 19 atribúe ao DO a tarefa de elaborar e desenvolver programas de HHSS para o alumnado que incorra en reiteradas condutas disruptivas ou que se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e as familias, e se é o caso, cos servizos sociais. Na disposición adicional sétima contempla as escolas de nais e pais como medio para fomentar a participación das familias no proceso educativo e mellorar a convivencia.

## 2. XUSTIFICACIÓN E CONCEPTO

A **titoría** constitúe un elemento propio da tarefa docente cuxas finalidades principais son: asegurar a coherencia educativa de todo o profesorado dun mesmo grupo de alumnos e contribuír ao desenvolvemento, madureza, orientación e aprendizaxe do alumnado. Como tal, atinxe ao autoconcepto escolar do alumnado, non só polos resultados académicos, senón tamén pola forma de seren avaliados e pola forma de abordar as dificultades de aprendizaxe e das relacións profesor-alumno. Atinxe tamén á historia persoal de cada alumno, á dinámica do grupo, á adaptación de cada alumno ao grupo e á participación dos pais.

Daquela, son moitas ar razóns que xustifican a necesidade de establecer conxuntamente como centro, obxectivos e liñas de actuación xerais, entre outras, a pluralidade do profesorado que incide no grupo, a variedade de obxectivos educativos, necesidade da participación do titor na detección das necesidades educativas específicas, nas adaptacións curriculares, na coordinación do procesos de avaliación, de arbitrar un método de traballo para coñecer as circunstancias sociais, familiares e escolares do seu alumnado…

Deste xeito, o **Plan de Acción Titorial** debe configúrase como o marco que contén os **criterios e procedementos** para a organización e o funcionamento da acción titorial que desenvolve o centro.

Ademais, conforme á normativa vixente, é un dos documentos institucionais do centro no que se plasma a súa **autonomía pedagóxica** e, que forma parte **concreción curricular** incorporada ao **Proxecto Educativo**.

## 3. CRITERIOS E OBXECTIVOS XERAIS

De acordo aos criterios referidos á orientación e titoría recollidos no Proxecto educativo:

- ✓ O Plan de Acción Titorial constitúe nun marco aberto e flexible, no que os **obxectivos** do mesmo poden ser abordados ao través de distintas actuacións e actividades de temática variada, en función das necesidades específicas de cada titor e do seu estilo pedagóxico e das características particulares de cada grupo.
- ✓ A partir das **liñas de actuación** xerais concretadas no PAT os titores programarán as actividades máis apropiadas baixo a coordinación da Xefatura de Estudos e contando coas propostas que aporte o Departamento de Orientación nas reunións periódica que se manteñan a este efecto.
- ✓ A través destas **reunións periódicas** dos titores co Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos articularanse os recursos persoais e materiais e proporcionarase o asesoramento e apoio necesario para que sexa posible o desenvolvemento das funcións titoriais dunha forma coordinada.
- ✓ Determina obxectivos e as actuacións respecto ao alumnado, ao profesorado, ás familias e ao centro.
- ✓ Contempla actuacións para o seguimento e a avaliación da función titorial e do propio plan.

Os **obxectivos xerais** do PAT son:

- ✓ Facilitar a **programación da acción titorial** a desenvolver polo centro, a súa coordinación e avaliación.
- ✓ Favorecer o **desenvolvemento persoal** do alumnado e súa a **integración e participación** na vida do instituto.
- ✓ Contribuír ao **proceso de aprendizaxe** do alumnado e facilitar o seu seguimento personalizado.

- ✓ Facilitar a toma de decisións do alumnado respecto ao seu **futuro académico e profesional**.
- ✓ Promover a colaboración entre o centro e as **familias**, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.

## 4. FUNCIÓNS DO PROFESORADO TITOR

**No artigo 59º do Decreto 324/1996, do 20 de xullo, (ROC) establécense as funcións do profesorado titor, que lembramos por seren, obviamente, o principal responsable da acción titorial e do desenvolvemento do PAT.**

a) Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da Xefatura de Estudos e en colaboración co departamento de orientación.

b) Proporcionarlles no principio de curso, ao alumnado e aos pais e nais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.

c) Coñecer as características persoais de cada alumno e alumna mediante a análise do seu expediente escolar e doutros instrumentos válidos para conseguir este coñecemento.

d) Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.

e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.

f) Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos e alumnas do seu grupo.

g) Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.

h) Orientar ao alumnado dunha forma directa e inmediata no seu proceso de aprendizaxe.

i) Informar ao equipo de profesores do grupo de alumnos e alumnas das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.

j) Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o grupo de alumnos e alumnas

k) Organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo.

l) Favorecer o proceso de maduración vocacional, orientando e asesorando ao alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.

m) Colaborar co departamento de orientación do instituto nos termos que estableza a xefatura de estudos.

n) Colaborar cos demais titores e co departamento de orientación no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.

ñ) Orientar as demandas e inquedanzas do alumnado e mediar, en colaboración co delegado de grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.

o) Informar aos alumnos, aos seus pais e ao profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e co rendemento académico.

p) Facilitar a cooperación educativa entre profesores e pais e nais dos alumnos e alumnas.

q) Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os membros do equipo docente

r) Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnado.

s) Controlar as faltas de asistencia e puntualidade do alumnado e ter informados aos pais e nais ou titores e á xefatura de estudos.

t) Implicar as familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.

u) Atender, xunto co resto de profesorado, os alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.

## 5. ACTIVIDADES DA FUNCIÓN TITORIAL.

Para o desempeño das funcións titoriais e ao inicio do curso, cada titor/a elaborará un plan de actuación específico para o grupo asignado e no que recolla as diferentes actividades de titoría a desenvolver ao longo do curso:

**Respecto ao alumnado**

- Recepción e actividades de acollida.

- Informar de: calendario escolar, horarios, programas escolares, criterios de avaliación …

- Informar sobre os deberes e dereitos e as normas do centro.

- Explicar as funcións e tarefas do titor.

- Actividades para a elección de delegado e subdelegado de grupo, presidir a votación e levantar acta.

- Levar o control das faltas de asistencia e de puntualidade, facendo os rexistros oportunos.

- Manter entrevistas individuais (informativas, orientadoras...)

- Aplicar Tests: Razoamento verbal, aptitude numérica, razoamento abstracto, relacións espaciais, razoamento mecánico, habilidade escolar, adaptación, intereses profesionais, personalidade.

- Aplicar cuestionarios: Hábitos de estudio, personalidade…

- Informar dos posibles itinerarios académicos e profesionais.

- Celebrar asembleas para preparar as sesións de avaliación.

- Actividades que fomenten a convivencia, a participación e a integración no grupo e no centro.

- Actividades para ensinar a ser "persoa" (xogos de simulación, de roles sociais,debates…)

- Actividades para ensinar a pensar (técnicas de estudo, mellora da intelixencia, resolución de problemas…)

- Actividades para ensinar a decidirse (autocoñecemento, información profesional, programas de orientación vocacional...)

- Actividades para ensinar a convivir (dinámicas de grupo, mesas redondas, remuíño de ideas, xogo de roles...)

- Actividades para ensinar a comportarse (técnicas de relaxación, pensar en voz alta)

- Técnicas de modificación de conduta...

**Respecto ás familias**

- Entrevista para a recollida de información.

- Cuestionarios e escalas de observación: Hábitos de estudo, personalidade, ...

- Entrevista cos pais de cada alumno, mínimo unha vez ao longo do curso e sempre que os pais o soliciten.

- Informe ás familias, mínimo tres ao longo do curso. Incluirá as cualificacións obtidas nas distintas áreas, a decisión acerca da súa promoción e as medidas adoptadas para que o alumno acade os obxectivos.

- Informar puntualmente ás familias, no caso que corresponda, sobre as faltas de asistencia ou puntualidade e, decidir a xustificación ou non das mesmas.

- Reunións do titor coas familias, ao inicio do curso e despois de cada trimestre.

- Outras reunións co grupo de pais e nais (Informativas, formativas, hábitos de estudo … )

**Respecto ao profesorado e ao centro**

- Analizar as dificultades escolares e buscar apoios necesarios.

- Programar para o seu grupo o desenvolvemento do plan de acción titorial, e levar a cabo a mesma.

- Transmitir e recoller información do resto do profesorado.

- Crear canles de colaboración co profesorado do grupo.

- Cuestionarios e escalas de observación (estudo, conduta, personalidade...)

- Preparar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo.

- Redactar as actas das sesións de avaliación e demais documentos e informes propios do proceso avaliativo.

- Elaborar os informes finais, acerca do grao de desenvolvemento acadado en relación cos obxectivos establecidos para o curso, no que se fará constar a decisión sobre a promoción e que recollerá as informacións que orienten o labor do profesorado do curso seguinte de modo que se garanta a continuidade do proceso de ensinanza aprendizaxe.

- Elaborar o informe, no seu caso, por traslado de centro.

## 6. COORDINACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL

O seguimento realizarase a distintos niveis: Xuntas de avaliación, Departamento de Orientación e reunións periódicas de coordinación de titoría por niveis: X. de Estudos e/ou X. de Orientación e titores.

Nestas reunións semanais coordinarase o traballo dos titores máis polo miúdo:

- ✓ Programando as actividades máis apropiadas para realizar cos grupos na sesión semanal de titoría a partir das liñas xerais propostas no PAT e os obxectivos da PXA neste ámbito.
- ✓ Analizando como se desenvolveron as actividades realizadas nas sesións de titoría anteriores, e concretando a disposición dos recursos necesarios para as seguintes sesións.
- ✓ Tratando de anticipar as liñas de traballo que se vai a seguir a medio prazo para recoller as propostas e suxestións dos titores sobre a maneira máis adecuada de desenvolvelas de forma que a actividade que despois articule e formalice o/a orientador/a se axuste ás expectativas dos titores.

**Contidos a traballar:**

- Inserción e adaptación do alumnado. Plan de acollida.
- Instrucións para a recollida de información a partir da análise dos expedientes do alumnado.
- Preparación da avaliación inicial.
- Características dos grupos.
- Programación do desenvolvemento da acción titorial.
- Contidos das seguintes titorías grupais e valoración das sesións celebradas.
- Alumnado que participa en programas específicos para repetidores, de reforzo ou recuperación de materias non superadas, de habilidades sociais,
- Alumnado con necesidade específica de apoio educativo: necesidades educativas especiais, altas capacidades, incorporación tardía, dificultades específicas de aprendizaxe, condicións persoais ou familiares.
- Seguimento das MAD e proposta de altas/baixas nos agrupamentos flexibles ou programas específicos.
- Alumnado en risco de abandono escolar temperá. Control de faltas e absentismo.
- Mellora da aprendizaxe e fomento do éxito educativo.
- Intercambio de información significativa do alumnado tanto a nivel grupal como individual.
- Promoción e mellora da convivencia. Actuacións de conciliación e de mediación.
- Información sobre outros aspectos de interese para os titores/as e o alumnado: acordos nos órganos do centro, actividades extraescolares, novas e incidencias, etc.
- Demandas de intervención do D.O. con alumnado e planificación de dita intervención.
- Preparación das xuntas de avaliación.
- Preparación das reunión de nais e pais.

- Protocolos de incorporación aos PDC ou PCPI.
- Elaboración dos informes finais e do consello orientador.

## 7. A PROGRAMACIÓN TITORIAL COMO CONCRECIÓN DO P.A.T.

O Plan de Acción Titorial concretarase en cada ano académico e para cada grupo atendendo as súas características e necesidades, así como á dispoñibilidade de recursos do centro. Para facilitar esta labor de programación de cada titor, establecese a **programación titorial marco** que se estrutura arredor dos seguintes bloques ou liñas de actuacións:

1) Acollida: recepción, presentación e integración.
2) Obxectivos e funcións da titoría.
3) Normas, organización e funcionamento do grupo.
4) Dereitos, deberes e participación do alumnado.
5) Promoción e mellora da convivencia.
6) Madurez e crecemento persoal.
7) Técnicas de traballo intelectual.
8) Orientación académica e profesional.
9) Actividades de avaliación co alumnado.
10) Sesións de avaliación.
11) Actuacións co equipo docente.
12) Avaliación da titoría
13) Actuacións coas familias.

A programación correspondente a cada un dos bloques aparece nos cadros anexos (cadros 2 e seguintes).

## 8. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

Ao longo do curso a Xefatura de estudos, coa colaboración do Departamento de orientación, realizará o **seguimento** do desenvolvemento da acción titorial e prestaranse os apoios e os recursos que os titores e alumnos requiran.

A final de curso, que o Departamento de Orientación incluirá na súa **memoria** un informe de avaliación do funcionamento do Plan de acción titorial. Incorporará as informacións obtidas por diferentes procedementos e subministradas polos implicados no seu deseño e desenvolvemento (departamento de orientación, titores e profesores) e polos destinatarios das distintas actuacións (alumnado, nais e pais e profesorado)

Compre tamén fixar é o **momento** ou momentos en que vai a ser realizada esta avaliación (avaliación de cada un dos bloques ao seu termo e segundo o seu desenvolvemento na Programación Titorial, e avaliación máis ampla e exhaustiva no terceiro trimestre) e o **ámbito** na que se levará a cabo (reunións de coordinación de titores, da xunta de profesores, coa xunta de delegados...)

Para cada uno dos bloques utilízanse como **indicadores de avaliación**: a adecuación ás necesidades dos seus destinatarios, adecuación das metas e obxectivos previstos inicialmente e das actividades realizadas, a adecuación e suficiencia dos recursos dispoñibles, o grao de participación nas actividades realizadas, a temporalización na que foi levada a cabo a programación e o grao de implicación de todos os responsables no desenvolvemento das actividades.

A contribución do departamento de orientación ao desenvolvemento do plan tamén é obxecto de avaliación, permitindo así mellorar curso a curso o asesoramento e o apoio prestado aos titores e profesores na súa labor así como a adecuación ás demandas dos titores.

En definitiva, coa avaliación pretendemos coñecer a efectividade das intervencións realizadas e revisar aqueles aspectos (obxectivos, estratexias de intervención, recursos, actividades...) que son susceptibles de mellora. As conclusións obtidas da avaliación serán tidas en conta para introducir as modificacións e axustes necesarios no plan do curso seguinte.

Para a **avaliación** do plan empregaranse os seguintes procedementos:

- Contraste de experiencias.
- Entrevistas con profesores, alumnos e as súas familias.
- Cuestionarios destinados ao alumnado, familias, profesores e titores para a avaliación do funcionamento do PAT e do POAP.
- Autoavaliación por parte do equipo de titores sobre o desenvolvemento e eficacia da propia programación titorial .
- Avaliación da contribución do Departamento de Orientación ao funcionamento do plan.
- Avaliación interna do Departamento de Orientación.

Esta memoria non se entende tanto como unha descrición máis o menos detallada das actuacións desenvolvidas senón máis ben como unha **síntese reflexiva** sobre os logros alcanzados, as dificultades atopadas, os factores que puideron influír en ambos casos e en seu caso, os aspectos que será necesario modificar no plan de cara ao curso próximo

Para a elaboración desta memoria os titores aportarán o seu punto de vista tanto nas reunións de coordinación nas que se aborde este aspecto como ao través da memoria de cada grupo, para cuxa elaboración poderanse servir, a súa vez, das achegas que realicen os alumnos.

Na memoria de titoría cada grupo, o titor exporá as principais tarefas desenvoltas, analizará e valorará o traballo desenvolvido, os obxectivos conseguidos e as dificultades atopadas, así como o propio Plan de Acción Titorial, adecuación das unidades a idade, intereses e necesidades clase, a adecuación do material utilizado, a actitude dos alumnos durante as sesión e os apoios recibidos. Considerará si se realizaron as reunións previstas coas familias (inicio do curso do 2º e 3º trimestres), se as familias dos alumnos con dificultades foron entrevistadas para recadar información e transmitirlles a situación respecto ao plan de traballo, así como se foron entrevistadas a totalidade das familias.

## 9. ACTUACIÓN DE APOIO AO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL POR PARTE DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

**CADRO 1**

| OBXECTIVOS | ACTUACIÓNS | FORMAS E UNIDADES DE INTERVENCIÓN | TEMPORALIZACIÓN |
|---|---|---|---|
| ▸ Establecer os criterios e procedementos para a organización e funcionamento das titorías, concretar as liñas de actuación que os titores desenrolarán co alumnado de cada grupo, co equipo educativo e coas familias. | ▸ Elaboración e ou revisión da proposta del PAT.<br>▸ Delimitación das actividades comúns e específicas para cada nivel e etapa (programación titorial marco). | ▸ Reunións iniciais na CCP e de titores/as para a elaboración da proposta do PAT para o curso que se inicia. | ▸ Inicio de curso. |
| ▸ Posibilitar a coordinación entre os titores dun mesmo nivel, ciclo ou etapa. | ▸ Establecemento da coordinación, secuencia e continuidade das intervencións a realizar nos distintos niveis. | ▸ Reunións do D.O. e X.E. | ▸ SETEMBRO. |
| | ▸ Planificación, coordinación e avaliación das actuacións conxuntas dentro dun mesmo curso. | ▸ Reunións cos titores dun mesmo curso. | ▸ 1º, 2º, 3º trimestre. periodicidade semanal /quincenal/mensual |
| ▸ Contribuír ao deseño e ao desenvolvemento da programación de titoría de cada curso. | ▸ Asesoramento aos titores sobre as responsabilidades e tarefas propias da función titorial e na elaboración da programación destinada ao seu grupo de titoría. | ▸ Xornadas de acollida de titores.<br>▸ Reunións de coordinación de titorías. | ▸ Inicio de curso.<br>▸ 1º, 2º, 3º trimestre. |
| | ▸ Elaboración do caderno de titoría e do caderno do titor. | ▸ Elaboración/recompilación por parte do D.O. | ▸ SETEMBRO. |
| | ▸ Recompilación e elaboración de materiais para ser traballados nas sesións de titoría. | | ▸ Inicio de cada trimestre. |
| | ▸ Desenvolvemento da programación titorial na aula. | ▸ Titores: hora lectiva de titoría. | ▸ 1º, 2º, 3º trimestre. |
| | ▸ Participación do D.O. nas actividades e reunións dirixidas ás familias. | ▸ Intervención do psicopedagogo na aula. | ▸ Ao solicitarse. |
| | ▸ Asesoramento e atención a alumnos e pais. | ▸ Reunións cos pais coa participación dos titores, D.O. e equipo directivo. | ▸ XANEIRO/MAIO. |
| | ▸ Por ao titor en contacto con distintos organismos e institucións que poidan colaborar no desenvolvemento de determinadas sesións de titoría. | ▸ Entrevistas individuais con alumnos e pais.<br>▸ Contacto do D.O. co organismo. Demanda de intervención e posta en contacto co titor. | ▸ Ao solicitarse.<br>▸ 1º, 2º, 3º trimestre. |

| OBXECTIVOS | ACTUACIÓNS | FORMAS E UNIDADES DE INTERVENCIÓN | TEMPORALIZACIÓN |
|---|---|---|---|
| ▸ Contribuír ao seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe por parte do equipo de profesores de cada un dos grupos para asegurar a coherencia e unidade da súa práctica educativa. | ▸ Formulación de propostas á CCP.<br>▸ Sistematización da programación colectiva e dos elementos comúns a traballar en todas as áreas do mesmo grupo (definición de obxectivos e contidos, acordos metodolóxicos, instrumentos e criterios de avaliación comúns, tratamento dos temas transversais, medidas de atención á diversidade…). | ▸ Reunións da CCP.<br>▸ Reunións co claustro de profesores.<br>▸ Xuntas de avaliación. | ▸ Todo o curso coa periodicidade mensual<br>▸ Inicio de curso e trimestralmente |
| | ▸ Asesoramento en procedementos, técnicas e instrumentos para a avaliación dos procesos de ensiñanza-aprendizaxe. | ▸ Reunións da CCP para a elaboración do P.C de área e as programacións didácticas. | ▸ 1º trimestre |
| | ▸ Participación do D.O. nas xuntas de avaliación. | ▸ Xuntas de avaliación. | ▸ 1º, 2º, 3º trimestre |
